

Cofinanciado por  
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS PARA REALIZAR ESTADÍAS CON FINS DE FORMACIÓN (*Staff Mobility for Training* - STT) NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ KA131, DESTINADAS AO PAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO E AO PERSOAL CON RELACIÓN CONTRACTUAL COA UNIVERSIDADE DE VIGO NOS SERVIZOS, ÁREAS OU OFICINAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

Un dos eixes estratéxicos da Universidade de Vigo é promover a súa internacionalización, marco no que o programa ERASMUS+ constitúese como unha acción que ofrece ao seu persoal unha canle formal para o desenvolvemento profesional ao permitir o coñecemento doutras institucións europeas de ensino superior, os seus procedementos de actuación e formas de organización. O programa configúrase como unha oportunidade privilexiada para o intercambio de ideas, prácticas e coñecementos que deben contribuír ao seu perfeccionamento persoal e máis especificamente profesional, o que debe materializarse nunha mellora directa do servizo público prestado así como do desempeño profesional de cada participante.

A Universidade de Vigo, que como institución elixible trala obtención da *Erasmus+ Charter for Higher Education* (ECHE) pode participar no programa Erasmus+, asinou un convenio de subvención co Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) para financiar as mobilidades de estudantes, docentes e persoal de administración e servizos do programa Erasmus+ acción KA 131, no cadro do proxecto 2023-1-ES01-KA131-HED-000123668.

En virtude deste convenio de subvención e vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento e de acordo coas facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

**RESOLVE:**

1. Convocar prazas en réxime de concorrencia competitiva para participar no programa Erasmus+ KA131, na acción de formación (STT), de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e das bases que a regulan, no taboleiro electrónico da [sede electrónica da Universidade de Vigo](#) e no [Portal de bolsas](#) da páxina web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño).

Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O REITOR

Por Delegación, R.R. do 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño





Cofinanciado por  
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

**ANEXO I**  
**BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS DE MOBILIDADE DESTINADAS AO PAS E AO**  
**PERSONAL CON RELACIÓN CONTRACTUAL NOS SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO MARCO**  
**DO PROGRAMA ERASMUS + ACCIÓN KA131**  
**ANO 2024**

## 1. OBXECTO

A acción Erasmus+ KA131 para a mobilidade de persoal co fin de formación ten por obxecto permitir ao persoal da Universidade de Vigo a realización de estadias co propósito de:

- Incrementar a capacitación profesional do persoal da Universidade de Vigo, permitindo o coñecemento doutras institucións de ensino superior, dos seus procedementos de actuación e das súas formas de organización e fomentando o intercambio de coñecementos técnicos, capacidades dixitais e experiencias sobre métodos de traballo.
- Consolidar os vínculos entre as universidades socias e intercambiar boas prácticas.
- Mellorar as competencias lingüísticas.

## 2. REQUISITOS

- a) Ter relación funcional ou contractual coa Universidade de Vigo no momento de presentar a solicitude e durante a realización da estadia, como PAS ou persoal con contrato laboral que desempeña o seu labor de xestión nos diferentes servizos e oficinas da Universidade de Vigo.
- b) Non se poderá solicitar destino na mesma institución e unidade ou área visitada nos 4 anos anteriores no marco de convocatorias Erasmus, do Grupo Compostela ou do programa Iacobus.
- c) As actividades a desenvolver deben estar relacionadas coa área de traballo e as funcións que a persoa solicitante realiza na Universidade de Vigo.
- d) Non poderán obter a condición de beneficiarias da bolsa Erasmus+ as persoas nas que concorran algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, como deberán declararse na solicitude de participación nesta convocatoria.

## 3. MODALIDADES DAS ESTADÍAS

As estadias poderán incluír actividades formativas que poderán levarse a cabo tanto en institucións de ensino superior como en empresas.

Non é necesaria a existencia dun convenio previo entre a Universidade de Vigo e a institución/empresa de acollida.

## 4. DURACIÓN DAS ESTADÍAS

A duración mínima da estadia financiada será de **dous días**, que deberán ser **consecutivos** e máxima de **cinco días** sen contar os días de viaxe nin os festivos.





Cofinanciado por  
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Financiaranse dous días de viaxe adicionais, de ser necesario, para o desprazamento de ida e volta á universidade ou empresa de acollida. No caso de que estes desprazamentos se realicen nun medio de transporte ecolóxico, poderanse financiar adicionalmente ata catro días máis, segundo se explica no punto 5 destas bases.

Non se contabilizarán como días de traballo os sábados nin os domingos salvo confirmación expresa da universidade de destino asinada polo coordinador institucional Erasmus.

Todas as estadias deberán realizarse entre o **1 de xaneiro e o 20 de decembro de 2024**, para o cal establécense dous prazos de presentación de solicitudes detallados no punto 6 desta convocatoria.

### 5. DOTACIÓN E PAGAMENTO

A concesión das bolsas queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas desta convocatoria no exercicio correspondente. Os fondos destinados a esta axuda irán con cargo á aplicación orzamentaria 2024ORI1121DERA483 e o importe máximo estimado do crédito retido ascende a **8.292 €** para o que se achega o corresponde certificado de retención de crédito. Deste financiamento, un máximo de 1 estadia pode ser destinado a estadias en [terceiros países non asociados ao Programa](#) (rexións 1-14).

Este importe pode ampliarse dado que existe a posibilidade, en caso de necesidade, de que o financiamento do SEPIE supere o crédito retido para esta convocatoria ou pola posibilidade de transferir a esta partida de bolsas fondos doutras partidas establecidas no convenio de subvención asinado entre a Universidade de Vigo e o SEPIE. O incremento do crédito nas condicións establecidas no artigo 58 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, permite fixar unha contía adicional que queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito e, no seu caso, á previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

A ampliación de crédito deberá ser publicada no [Portal de bolsas](#), con carácter previo á resolución de concesión sen que tal publicación implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

**5.1.** As axudas Erasmus+ están financiadas con fondos da Comisión Europea. Financiarase unha axuda de viaxe e unha axuda de aloxamento e manutención segundo as seguintes táboas:

#### APOIO PARA A VIAXE

DISTANCIA DE VIAXE	CONTÍA	En caso de viaxe ecolóxica*
Entre 10 e 99 Km.	23 € por participante	
Entre 100 e 499 Km.	180 € por participante	210 € por participante
Entre 500 e 1999 Km.	275 € por participante	320 € por participante
Entre 2000 e 2999 Km.	360 € por participante	410 € por participante
Entre 3000 e 3999 Km.	530 € por participante	610 € por participante
Entre 4000 e 7999 Km.	820 € por participante	
8000 Km. ou máis	1500 € por participante	





Cofinanciado por  
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

\*As persoas beneficiarias que realicen a viaxe de ida e volta nun medio de transporte público e colectivo (tren o autobús) ou coche compartido, recibirán a axuda de viaxe adicional indicada na táboa segundo o tramo de distancia, sempre e cando realicen o traxecto principal de ida e volta en transporte ecolóxico.

O persoal que opte polo desprazamento ecolóxico poderá recibir ata un máximo 4 días de apoio individual adicional para cubrir os días de viaxe nun traxecto de ida e volta se procede.

No caso de realizar máis dunha estadía, unha a continuación da outra, sen regresar á Universidade de Vigo tras realizar a primeira estadía, o importe da axuda de viaxe pode variar. A persoa beneficiaria deberá informar á ORI coa debida anticipación para modificar o importe da axuda adxudicada de ser necesario

Para calcular a distancia en quilómetros dende o posto de traballo ata a cidade de destino, empregárase a calculadora de distancias proposta pola Comisión Europea, que poderá atopar na seguinte ligazón: [http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance\\_en.htm](http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm).

**APOIO INDIVIDUAL PARA A MOBILIDADE FÍSICA**

Importes por día de traballo (5 días máximo) e dous días de viaxe máximo, 4 días adicionais no caso de viaxe ecolóxica, segundo o país de destino :

Grupo de país	País	Contía diaria
1	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia.  Illas Feroe, Reino Unido e Suíza (países non asociados rexión 14)	120 €
2	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos e Portugal.  Estado Cidade do Vaticano, Mónaco e San Marino (países non asociados rexión 13)	105 €
3	Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia e Turquía.	90 €
Terceiros países non asociados ao programa	Rexións 1-12  <a href="https://erasmus-plus.ec.europa.eu/es/programme-guide/part-a/eligible-countries">https://erasmus-plus.ec.europa.eu/es/programme-guide/part-a/eligible-countries</a>	180 €

**5.2. As axudas Erasmus+ estarán suxeitas á retención do IRPF** que estableza a normativa vixente nesta materia (o artigo 7.j, da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio; o artigo 2 do Real decreto 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento do importe sobre a renda das persoas físicas; a consulta vinculante V.0497/19 da Dirección General de Tributos).





Cofinanciado por  
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

O pagamento das axudas será aboado en dous prazos:

- **1º pagamento**, como anticipo da axuda, un 70 % da axuda máxima que corresponda á persoa participante, antes de iniciar a estadia e despois da sinatura do convenio de subvención establecido polo programa.
- **2º pagamento**: o resto da axuda será aboado ao remate da estadia, unha vez presentados o documento xustificativo de realización da estadia e a xustificación de viaxe requirida no caso de percibir axuda por días adicionais de viaxe e/ou axuda por viaxe ecolóxica. O cumprimento das obrigas establecidas no punto 10 será determinante para o pagamento da axuda.

**De non cumprir coas obrigas establecidas antes da estadia entenderase que a persoa beneficiaria renuncia á axuda económica.**

**5.3. Apoio á inclusión:** O persoal participante que acredite unha situación legal de discapacidade igual ou superior a un 33 % poderá optar a unha axuda adicional destinada a cubrir os gastos reais da estadia. Unha vez seleccionada, a persoa deberá comunicar a súa situación á Oficina de Relacións Internacionais ao enderezo [practicas.ori@uvigo.gal](mailto:practicas.ori@uvigo.gal) no caso de precisar esta axuda adicional.

**5.4.** Poderá realizarse a actividade sen dotación económica, bolsa cero, nos seguintes casos:

- Estar na lista de agarda e expresar o interese por realizar a estadia.
- Calquera outra situación da que a persoa participante deberá informar antes de realizar a estadia á Oficina de Relacións Internacionais.

No caso de ter realizada a mobilidade con bolsa cero, non poderá concederse axuda económica con carácter retroactivo.

## 6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

**6.1. Prazo de presentación de solicitudes:** O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta convocatoria e finalizará cando, de acordo cos períodos de solicitude que a continuación se detallan e en función da dispoñibilidade orzamentaria, foran adxudicadas todas as prazas dispoñibles.

Períodos	Prazo de presentación da solicitude	Datas de realización da estadia
1º período	Dende o día seguinte á publicación desta convocatoria até o <b>15 de novembro de 2023</b> , ás 23:59 (hora peninsular española)	entre o 1 de xaneiro e o 31 de xullo de 2024
2º período	Dende o 1 de maio ao 20 de maio de 2024, ás 23:59 (hora peninsular española)	entre o 1 de setembro e o 20 de decembro de 2024

**6.2. Formulario de solicitude e documentación:** as persoas interesadas deberán cubrir o formulario de solicitude que se atopa no Portal de persoal saínte, identificándose cos datos de acceso á Secretaría Virtual:

<https://uvigo.moveon4.de/form/6513d927f49acd6bbd0b3f97/glg>



Cofinanciado por  
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

No formulario de solicitude deberase engadir a seguinte documentación:

- **Carta de invitación formal** ou copia dunha mensaxe de correo electrónico enviada desde un correo institucional que verifique a aprobación da estada por parte da institución ou empresa de destino. Esta carta ou mensaxe deberá incluír información detallada da actividade formativa a desenvolver. A actividade formativa deberá estar relacionada coas funcións e tarefas do posto que desempeña a persoa solicitante.
- **Programa de actividades**, no caso de que a actividade formativa consista na participación nunha semana internacional. As actividades deberán estar relacionadas coas funcións e tarefas do posto que desempeña a persoa solicitante.
- **Informe da Xerencia** conforme a actividade solicitada adecúase ao posto que desempeña a persoa solicitante.
- Certificados de coñecemento de idiomas [que cumpran co requisito establecido na base 7 desta convocatoria](#).

**A comunicación entre a ORI e as persoas participantes realizarase sempre a través do enderezo de correo electrónico do dominio @uvigo.**

## 7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de cada un dos períodos establecidos, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase a resolución coa **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **10 días hábiles**, que se contarán a partir do día seguinte á publicación, para emendar os erros e a falta de documentación presentando alegacións mediante [a instancia xenérica SXER](#) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais, a través da [sede electrónica](#) da Universidade de Vigo. Unha vez revisadas as alegacións, publicarase a listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión.

A continuación, a selección será efectuada pola Comisión de Selección composta por:

**Presidenta:** Amelia Rodríguez Piña, directora da ORI

**Vogal:** Ana María Pérez López, xefa de área da ORI

**Secretaria:** Rebeca Cofán Pereiras, xefa de negociado da ORI

A selección realizarase en función da puntuación acadada ao aplicar o seguinte baremo:

- Ter a condición de persoal fixo da Universidade de Vigo: 3 puntos
- Solicitar como destino algunha das universidades da Universidade Europea [ATHENA](#): 2 puntos
  - Instituto Politécnico do Porto (Portugal)
  - Hellenic Mediterranean University (Grecia)
  - Marie Curie Skłodowska University en Lublin (Polonia)
  - Univerza v Mariboru (Eslovenia)
  - Université d'Orléans (Francia)
  - Universität Siegen (Alemaña)
  - Vilinius Tech (Lituania)



Cofinanciado por  
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- III. Ocupar postos de xefatura ou responsabilidade, ter ao seu cargo equipos de traballadores/as ou desempeñar postos de especialización técnica e/ou profesional: 1,5 puntos.
- IV. Non ter sido nunca beneficiario/a dunha axuda Erasmus de mobilidade: 1 punto.
- V. Coñecemento de idiomas\*:
  - Idioma no que se levará a cabo a actividade:
    - Nivel C1: 1,5 puntos
    - Nivel B2: 1 punto
    - Nivel B1: 0,5 puntos
  - Outros idiomas:
    - Nivel C1: 0,5 puntos
    - Nivel B2: 0,2 punto
    - Nivel B1: 0,1 puntos

\*Só se valorará o coñecemento de idiomas acreditado mediante a presentación dalgunha das certificacións oficiais recoñecidas por ACLES, recollidas na seguinte táboa:

<https://www.acles.es/uploads/archivos/Tablas ACLES/Tablas de certificados reconocidos por ACLES 2023 02 03.pdf>

Non se valorarán o coñecemento de español e/ou galego.

Efectuada a selección pola Comisión, publicarase a resolución coa listaxe provisoria de solicitudes seleccionadas e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución. As alegacións deberán presentarse a través da [sede electrónica da Universidade de Vigo \(https://sede.uvigo.gal\)](https://sede.uvigo.gal) mediante o procedemento **SXER Instancia xenérica (PAS/PDI)**, e dirixirse á Oficina de Relacións Internacionais.

Revisadas as alegacións pola Comisión, a Oficina de Relacións Internacionais elevará a proposta de **resolución definitiva de solicitudes seleccionadas, denegadas coa mención da causa de denegación e en lista de agarda, se procede**, á vicerreitoría de Internacionalización para a súa publicación.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xuño).

Os prazos empezan a contar dende o día seguinte á publicación da resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta do de reposición.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse no [taboleiro electrónico da sede electrónica da Universidade de Vigo](#), no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.





Cofinanciado por  
la Unión Europea

ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

## 8. ACEPTACIÓN

As persoas seleccionadas deberán aceptar ou renunciar á praza adxudicada na plataforma MoveON.

As renuncias non xustificadas poderán ser penalizadas en vindeiras convocatorias de mobilidade.

Entenderase por causa xustificada de renuncia:

- Enfermidade grave.
- Enfermidade ou falecemento dun familiar ata o segundo grao.
- Cumprimento dun deber público.
- Calquera outra causa suficientemente acreditada e xustificada.

As renuncias aceptadas darán lugar á concesión da axuda á seguinte persoa da lista de agarda.

## 9. INCOMPATIBILIDADES DAS AXUDAS

A contía percibida non poderá ser utilizada para cubrir gastos similares que se financien con outros fondos da Unión Europea.

Non poderá realizarse a estadía nun país onde está establecida a Universidade de Vigo e no país de residencia da persoa participante.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

## 10. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

### ➤ ANTES DE INICIAR A ESTADÍA :

1. Solicitar o permiso correspondente no servizo/área departamento ao que pertenza a persoa beneficiaria.
2. Presentar a seguinte documentación na plataforma MoveON, no portal de Staff, a través do formulario de seguimento habilitado:
  - Copia da **tarxeta sanitaria europea**.
  - No caso de estadías en países non asociados ao programa, copia dun **seguro de asistencia en viaxes** que cubra o período completo de estadía e os días de viaxe. Deberá incluír gastos médicos e hospitalización, responsabilidade civil e repatriación.
  - Acordo de mobilidade (*Staff Mobility Agreement*). Deberá estar asinado pola institución ou empresa receptora, a persoa beneficiaria e a Universidade de Vigo.
  - Convenio de subvención asinado, documento que lle será remitido pola ORI trala recepción do acordo de mobilidade asinado polas partes.
3. Tramitar e aboar os gastos de visado, se procede.

### ➤ TRAS FINALIZAR A ESTADÍA :

1. Presentar a seguinte documentación na plataforma MoveON, no Portal de Persoal saínte, a través do formulario de seguimento habilitado:
  - Certificado orixinal de realización de estadía asinado pola entidade de acollida con indicación de días de estadía e da participación na actividade formativa. A data de firma do documento por parte da universidade receptora non pode ser anterior ao último día xustificado como día de actividade formativo.







Cofinanciado por  
la Unión Europea



ATHENA



HR EXCELLENCE IN RESEARCH

- Comprobantes da viaxe a efectos de xustificación dos días percibidos adicionais para viaxe e viaxes ecolóxicas. No caso de ter solicitada a axuda de viaxe ecolóxica, a persoa beneficiaria deberá presentar unha declaración xurada de ter realizada unha viaxe ecolóxica que deberá presentar na ORI acompañada dos xustificantes.

2. Cumprimentar e enviar a enquisa UE (*EU Survey*) en liña nos 30 días naturais posteriores á recepción da invitación para cumprimentalo. A Universidade de Vigo poderá requirir o reembolso parcial ou total da axuda financeira recibida aos participantes que non cumprimenten e envíen a enquisa UE en liña.

## 11. REVISIÓN E REINTEGRO

Son causas de reintegro:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidos na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

## 12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#).

